

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE CURTIS

CURSO: 1º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA: 8/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.</p> <p>A metodoloxía científica. Características básicas.</p> <p>A experimentación en Bioloxía e Xeoloxía: obtención e selección de información a partir da selección e recollida de mostras do medio natural.</p>	<p>1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase de forma correcta tanto oralmente como por escrito.</p> <p>2.1. Busca, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.</p> <p>2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.</p> <p>2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.</p>
<p>Bloque 2. A Terra no universo.</p> <p>Os principais modelos sobre a orixe do universo.</p> <p>Características do sistema solar e dos seus compoñentes.</p> <p>O planeta Terra. Características. Movementos: consecuencias e movementos.</p> <p>A atmosfera. Composición e estrutura. Contaminación atmosférica. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.</p> <p>A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.</p>	<p>1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.</p> <p>2.1. Recoñece os compoñentes do sistema solar e describe as súas características xerais.</p> <p>3.1. Precisa que características se dan no planeta Terra, e non se dan nos outros planetas, que permiten o desenvolvemento da vida.</p> <p>4.1. Identifica a posición da Terra no sistema solar.</p> <p>5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e coa posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.</p> <p>5.2. Interpreta correctamente, en gráficos e esquemas, fenómenos como as fases lunares e os eclipses, e establece a relación existente coa</p>

	<p>posición relativa da Terra, da Lúa e do Sol.</p> <p>8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.</p> <p>8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais relacionándoos coa súa orixe.</p> <p>8.3. Identifica e xustifica, con argumentacións sinxelas, as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.</p> <p>9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración do medio, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.</p> <p>10.1. Relaciona situacións nas que a actividade humana interfira coa acción protectora da atmosfera.</p> <p>15.1. Describe as características que fixeron posible o desenvolvemento da vida na Terra.</p>
<p>Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra.</p>	
<p>A célula. Características básicas das células procariotas e eucariotas, e das animais e vexetais.</p> <p>Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.</p> <p>Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.</p> <p>Reinos dos seres vivos: moneras, protoctistas, fungos, metáfitas e metazoos.</p> <p>Plantas: mofos, fentos, ximnospermas e anxiospermas.</p>	<p>1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas as dúas.</p> <p>1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.</p> <p>2.1. Comprende e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.</p> <p>2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación que hai entre elas.</p> <p>3.1. Aplica criterios de clasificación dos seres vivos, e relaciona as plantas</p>

<p>Características principais e as súas funcións de nutrición, relación e reprodución.</p>	<p>máis comúns co seu grupo taxonómico.</p> <p>4.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos e destaca a súa importancia biolóxica.</p> <p>5.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.</p> <p>7.2. Relaciona a presenza de determinadas estruturas nas plantas máis comúns coa súa adaptación ao medio.</p> <p>8.1. Clasifica plantas a partir de claves de identificación.</p> <p>9.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> • Traballo persoal: valoraranse os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc). • Realización das actividades de repaso e reforzo na casa. • Realización das tarefas de ampliación. • Interese e participación nas actividades realizadas. • Puntualidade na entrega das tarefas realizadas.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> • Boletíns de exercicios. • Rúbrica de avaliación.
Cualificación final	<p>Teranse en conta as notas da primeira e a segunda avaliación, e será (excepcionalmente) unha avaliación continua, de xeito que os alumnos e alumnas que teñan aprobada a segunda avaliación terán aprobada a materia de Bioloxía e Xeoloxía. Todo o alumnado de 1º de ESO deste curso 2019-2020 atópase nesa situación, polo que non temos que planificar actividades de recuperación.</p> <p>O traballo telemático realizado desde a suspensión das clases, tanto de ampliación de materia (temas de hidrosfera e xeosfera) como de repaso e reforzo, se valorará unicamente para mellorar a nota media final, ata un máximo de 2 puntos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Todo o alumnado de 1º de ESO supera a materia na avaliación ordinaria de Xuño.</p>
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso da primeira e segunda avaliación. • Actividades de ampliación (dos temas da hidrosfera e a xeosfera, que foron impartidos pero non avaliados).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico e da aula virtual do centro, onde se colgan as instrucións e as tarefas a realizar.</p> <p>Para as actividades de ampliación (temas da hidrosfera e a xeosfera), os alumnos e alumnas tiveron que ler os apartados correspondentes do seu libro de texto, as explicacións e apuntes resumidos en documentos pdf na aula virtual, ver vídeos, e facer boletíns de exercicios con preguntas variadas (preguntas de resposta curta, tipo test, de relación, verdadeiro ou falso, análise de textos e interpretación de gráficos e imaxes).</p> <p>Para as actividades de repaso e reforzo, súbese á aula virtual un resumo de cada tema e uns boletíns de exercicios con preguntas variadas, igual que no caso anterior.</p> <p>O alumnado entrega as tarefas a través da aula virtual ou do correo electrónico, segundo lle sexa máis sinxelo e/ou cómodo.</p> <p>As actividades son corrixiadas individualmente, xunto coas explicacións ou aclaracións necesarias a cada alumno e alumna, e despois cólganse as solucións na mencionada aula virtual.</p> <p>Calquera dúbida, incidencia ou suxestión, é atendida no correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Aula virtual do centro • Correo electrónico • Libro de texto • Apuntes-resumos • Vídeos • Boletíns de exercicios

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico e os avisos importantes (avaliación, organización, etc) tamén se publican na aula virtual do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.